

## MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**19987** *ORDE EHA/3771/2005, do 2 de decembro, pola que se revisa a contía dos gastos de locomoción e das axudas de custo no imposto sobre a renda das persoas físicas. («BOE» 289, do 3-12-2005.)*

O Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, prevé, no número 5 do artigo 8.A, a posibilidade de que o ministro de Economía e Facenda revise as contías exceptuadas de gravame correspondentes ás asignacións para gastos de locomoción, manutención e estancia, no importe en que se revisen as axudas de custo dos funcionarios públicos.

En cumprimento do disposto na disposición derradeira cuarta do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, por Orde do ministro de Economía e Facenda do 1 de decembro de 2005 e por Resolución do 2 de decembro de 2005 que publica o Acordo de Consello de Ministros do 2 de decembro de 2005, procedeuse a actualizar os gastos de desprazamento dos funcionarios, así como as axudas de custo no territorio nacional.

Por todo iso, e facendo uso da autorización contida no número 5 do artigo 8.A do citado Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, dispoño:

### Artigo 1. *Gastos de locomoción.*

1. Para os efectos do previsto para os gastos de locomoción na letra b) do artigo 8.A.2 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, excluírase a cantidade que resulte de multiplicar 0,19 euros polo número de quilómetros percorridos, sempre que se xustifique a realidade do desprazamento, máis os gastos de peaxe e aparcamento que se xustifiquen.

2. Para os efectos do previsto para os gastos de locomoción na letra a) do artigo 8.B.1 do citado regulamento, excluírase a cantidade que resulte de multiplicar 0,19 euros polo número de quilómetros percorridos, máis os gastos de peaxe e aparcamento que se xustifiquen.

### Artigo 2. *Gastos de manutención e estancia.*

1. Para os efectos do previsto no número 1.º do artigo 8.A.3.a) do citado regulamento, considerarase como gastos normais de manutención por desprazamento dentro do territorio español a cantidade de 53,34 euros diarios, sempre que se pernoitase en municipio distinto do lugar de traballo habitual e daquel que constituía a residencia do perceptor.

2. Para os efectos do previsto no número 2.º do artigo 8.A.3.a) do mesmo regulamento, cando o desprazamento se realice dentro do territorio español e non se pernoitase en municipio distinto do lugar de traballo habitual e daquel que constituía a residencia do perceptor, considerarase como gastos normais de manutención a cantidade de 26,67 euros diarios.

3. Para os efectos do previsto na letra b) do artigo 8.B.1 do citado regulamento, cando o desprazamento se realice dentro do territorio español a contía dos gastos de manutención establécese en 26,67 euros diarios.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado e terá efectos desde o día 1 de decembro de 2005.

Madrid, 2 de decembro de 2005.

SOLBES MIRA

Sres. secretario de Estado de Facenda e Orzamentos, secretario xeral de Facenda, director xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria e director xeral de Tributos.

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**19989** *REAL DECRETO 1416/2005, do 25 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 1128/2003, do 5 de setembro, polo que se regula o Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais. («BOE» 289, do 3-12-2005.)*

O desenvolvemento normativo da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, debe perseguir o obxectivo fundamental de pór en marcha os instrumentos e accións que require o Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional para cumprir os fins que se lle asignan. Entre estes fins figura a regulación dunha oferta de formación profesional integrada de calidade dirixida a estudantes, traballadores ocupados e desempregados e iso coa finalidade de que as persoas accedan a unha capacitación profesional en condicións de calidade e a unha formación acumulable ao longo da vida para adecuar as súas cualificacións aos cambios tecnolóxicos e produtivos que se observan no mercado de traballo.

O Real decreto 1128/2003, do 5 de setembro, polo que se regula o Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais, define a estrutura e o contido do catálogo e dos seus compoñentes: cualificacións, unidades de competencia e módulos formativos asociados do Catálogo Modular de Formación Profesional. Así mesmo, establece os procedementos básicos para a elaboración e actualización de ambos os dous.

O Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais debe garantir a flexibilidade necesaria para a elaboración dos correspondentes títulos de formación profesional, competencia da Administración educativa, e certificados de profesionalidade, competencia da Administración laboral.

As ofertas de formación profesional de ambas as administracións incorporarán todos os elementos contidos nas unidades de competencia e cualificacións profesionais que incorporen os títulos de formación profesional e certificados de profesionalidade. Estruturarase de acordo cos obxectivos propios da Administración educativa e da Administración laboral. Os parámetros de contexto, como a superficie de talleres e instalacións, prescricións sobre formadores e outras desta natureza, terán un carácter orientador para a regulación das respectivas ofertas formativas.

As consideracións anteriores explican o conxunto de modificacións que nesta norma se establecen respecto do Real decreto 1128/2003, do 5 de setembro, para que o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais constituía un instrumento eficaz que garanta a calidade da oferta de formación profesional. Trátase, en definitiva, de que a

oferta cumpra os seus obxectivos específicos de carácter educativo e de adecuación laboral.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, o Consello Xeral de Formación Profesional e o Consello Escolar do Estado.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Educación e Ciencia e de Traballo e Asuntos Sociais, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de novembro de 2005,

## DISPÓN O:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1128/2003, do 5 de setembro, polo que se regula o Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais.*

O Real decreto 1128/2003, do 5 de setembro, polo que se regula o Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais, queda modificado como segue:

Un. O número 2 do artigo 3 queda redactado do seguinte modo:

«2. Para o logro dos fins indicados no punto anterior, o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais permitirá realizar as seguintes funcións:

a) Identificar, definir e ordenar as cualificacións profesionais e establecer as especificacións da formación asociada a cada unidade de competencia.

b) Establecer o referente para avaliar e acreditar as competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación».

Dous. Incorpórase un novo número ao artigo 3, coa seguinte redacción:

«3. O Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais constitúe a base para elaborar a oferta formativa conducente á obtención dos títulos de formación profesional e dos certificados de profesionalidade e a oferta formativa modular e acumulable asociada a unha unidade de competencia, así como doutras ofertas formativas adaptadas a colectivos con necesidades específicas. Así mesmo, contribuirá, co resto dos instrumentos e accións establecidos, ao desenvolvemento do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional en materia de información e orientación profesional e na avaliación e mellora da calidade deste.»

Tres. O artigo 8 queda redactado do seguinte modo:

«1. Enténdese por módulo formativo o bloque coherente de formación asociado a cada unha das unidades de competencia que configuran a cualificación.

2. Cada módulo formativo terá un formato normalizado que incluíra os datos de identificación e as especificacións da formación.

3. Os datos de identificación incluírán: a denominación, o nivel de cualificación a que se vincula, un código alfanumérico, a unidade de competencia a que está asociado e a duración da formación expresada en horas. As ofertas formativas poderán graduar, para a súa impartición, esta duración en función do colectivo destinatario, a modalidade da formación, o número de alumnos e outros criterios obxectivos.

4. As especificacións da formación expresaranse a través das capacidades e os seus correspondentes criterios de avaliación, así como os contidos

que permitan alcanzar as ditas capacidades. Identifícaranse, ademais, aquelas capacidades cuxa adquisición deba ser, se é o caso, completada nun contorno real de traballo. Estas especificacións incluíranse nas ofertas formativas conducentes á obtención de títulos de formación profesional e certificados de profesionalidade referidas ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. Incluíranse, así mesmo, parámetros de contexto da formación, como a superficie de talleres e instalacións, prescricións sobre formadores e outras desta natureza. Estes parámetros terán carácter orientador para a normativa básica reguladora das ofertas formativas conducentes a títulos de formación profesional e certificados de profesionalidade.

5. As administracións educativa e laboral establecerán de mutuo acordo, logo de consulta ao Consello Xeral de Formación Profesional, os indicadores e requisitos mínimos de calidade da oferta formativa referida ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, que garantan os aspectos fundamentais dun Sistema Integrado de Formación.»

Catro. O número 3 do artigo 9 queda redactado do seguinte modo:

«3. A elaboración e actualización do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais realizarase mediante procedementos acordados entre a Administración laboral e a Administración educativa, logo de consulta ao Consello Xeral de Formación Profesional. Así mesmo, estableceranse, mediante orde do ministro da Presidencia, ditada por proposta dos titulares dos ministerios de Educación e Ciencia e Traballo e Asuntos Sociais, os protocolos de colaboración e consulta coas diferentes comunidades autónomas e as demais administracións públicas competentes, así como cos interlocutores sociais e cos sectores produtivos implicados no Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional, que incluírán, entre outros aspectos, o procedemento que van seguir outros axentes para propor ao Instituto Nacional das Cualificacións novas cualificacións ou a actualización das xa existentes.»

Cinco. A familia profesional de «Artesanías», que figura no anexo I ocupando a posición vixésimo sexta e última das relacionadas, pasará a denominarse de «Artes e artesanías».

Disposición adicional única. *Extensión e aplicación da norma.*

As especificacións de horario e contexto da formación correspondentes ás cualificacións profesionais establecidas polo Real decreto 295/2004, do 20 de febreiro, e polo Real decreto 1087/2005, do 16 de setembro, e que se describen nos seus respectivos anexos, entenderanse conforme o previsto nos números 3, 4 e 5 do artigo 8 do Real decreto 1128/2003, do 5 de setembro, novamente redactados por este real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial e habilitación.*

Este real decreto dítase en virtude das competencias que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1.1.<sup>ª</sup>, e 30.<sup>ª</sup> da Constitución e ao abeiro da disposición derradeira primeira.2 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e a formación profesional, e da habilitación que lle confire ao Goberno o artigo 7.2 e a disposición derradeira terceira da citada Lei orgánica 5/2002.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 25 de novembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

**19990** REAL DECRETO 1417/2005, do 25 de novembro, polo que se regula a utilización, instalación e comprobación do funcionamento de dispositivos de limitación de velocidade en determinadas categorías de vehículos. («BOE» 289, do 3-12-2005.)

A utilización, instalación e comprobación do funcionamento de dispositivos de limitación de velocidade en determinadas categorías de vehículos está regulada en España polo Real decreto 2484/1994, do 23 de decembro.

A seguridade do transporte e os aspectos ambientais do transporte son esenciais para garantir unha mobilidade sustentable.

A utilización de dispositivos de limitación de velocidade nas categorías de vehículos de motor pesados, en aplicación do Real decreto 2484/1994, do 23 de decembro, produciu efectos positivos tanto na mellora da seguridade vial coma na protección do ambiente.

A ampliación do ámbito de aplicación dos dispositivos de limitación de velocidade aos vehículos de máis de 3,5 toneladas destinados ao transporte de mercadorías ou de pasaxeiros, era unha das medidas preconizadas polo Consello na súa Resolución do 26 de xuño de 2000 relativa ao reforzo da seguridade vial, de conformidade coa Comunicación da Comisión, do 20 de marzo de 2000, sobre as prioridades da seguridade vial na Unión Europea.

A conveniencia de ampliar o ámbito de aplicación dos dispositivos de limitación de velocidade aos vehículos de motor da categoría M<sub>2</sub>, aos vehículos da categoría M<sub>3</sub> cun peso máximo superior a cinco toneladas, pero igual ou inferior a 10 toneladas, e aos vehículos da categoría N<sub>2</sub> motivou a publicación da Directiva 2002/85/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de novembro de 2002, pola que se modifica a Directiva 92/6/CEE do Consello, do 10 de febreiro de 1992, relativa á instalación e á utilización dos dispositivos de limitación de velocidade en determinadas categorías de vehículos de motor, trasposta á regulamentación nacional polo Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, polo que se ditan normas para a aplicación de determinadas directivas da CEE, relativas á homologación de vehículos automóbiles, remolques e semirremolques, así como de partes e pezas dos ditos vehículos, e actualizacións dos seus anexos.

Como consecuencia dos cambios introducidos pola Directiva 2002/85/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de novembro de 2002, é necesario modificar parte do articulado do Real decreto 2484/1994, do 23 de decembro. Así mesmo, dada a importancia da función que desempeñan os dispositivos de limitación de velocidade no ámbito da seguridade vial, e aproveitando a experiencia obtida da aplicación do Real decreto 2484/1994, do 23 de decembro, considérase necesario actualizar a regulación do procedemento de autorización das entidades e talleres

para a súa instalación e comprobación do funcionamento, así como as súas normas de actuación.

Dado que as actividades que desenvolven as citadas entidades e talleres son requiridas aos usuarios pola regulamentación vixente, tanto as normas de actuación como os requisitos técnicos deben garantir, en todo o territorio nacional, a alta calidade e homoxeneidade das súas actuacións, sen prexuízo daqueles outros condicionantes que as comunidades daqueles outros poidan establecer en virtude das súas competencias.

Este real decreto dítase ao amparo das competencias exclusivas do Estado en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor establecidas polo artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución española.

Este real decreto foi sometido á información dos sectores afectados segundo o previsto no artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, así como ao procedemento de información de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos á sociedade da información, regulado polo Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, para os efectos de dar cumprimento ao disposto na Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello do 22 de xuño de 1998, modificada pola Directiva 98/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 xullo de 1998.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, do ministro do Interior e da ministra de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de novembro de 2005,

DISPONGO:

Artigo 1. *Finalidade.*

O obxecto deste real decreto é regular a utilización, instalación e comprobación do funcionamento dos dispositivos de limitación de velocidade en determinadas categorías de vehículos, así como establecer os requisitos que deben cumprir e as normas de actuación das entidades e talleres que realicen as instalacións e comprobacións do funcionamento dos devanditos dispositivos.

As comprobacións do funcionamento a que se fai referencia neste real decreto sono sen prexuízo das exhibibles en aplicación do Real decreto 2042/1994, do 14 de outubro, polo que se regula a inspección técnica de vehículos, e do Real decreto 122/2004, do 23 de xaneiro, polo que se modifica o Real decreto 957/2002, do 13 de setembro, polo que se regulan as inspeccións técnicas en estrada dos vehículos industriais que circulan en territorio español.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto entenderase por:

a) Vehículo de motor: calquera vehículo de motor das categorías M<sub>2</sub>, M<sub>3</sub>, N<sub>2</sub> ou N<sub>3</sub>, destinado a circular por estrada, que teña polo menos catro rodas e que poida alcanzar por construción unha velocidade máxima superior a 25 km/h.

Entenderase que as categorías M<sub>2</sub>, M<sub>3</sub>, N<sub>2</sub> e N<sub>3</sub> son as definidas no anexo II da Directiva 70/156/CEE, do Consello, do 6 de febreiro de 1970, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre a homologación dos vehículos de motor e dos seus remolques, trasposta ao ordenamento xurídico español mediante o Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, polo que se ditan normas para a aplicación de determinadas directivas da CEE, relativas á homologación de vehículos automóbiles, remolques e semirremolques, así como de partes e pezas dos ditos vehículos.

b) Dispositivo de limitación de velocidade: un aparello de limitación de velocidade destinado a ser utilizado